



2019/XGLREPREORGOLEX/000001

Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 05.08.2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

C) TOMA DE COÑECEMENTO DO DECRETO 93/2017, DE DATA 14/09/2017, DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN Y ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, QUE SUBSTITÚE Á COMISIÓN TERRITORIAL DE PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E AO COMITÉ ASESOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO, DEIXANDO SEN EFECTO OS NOMEAMENTO EFECTUADOS PARA OS ÓRGANOS COLEXIADOS DE ESTES ENTES EFECTUADOS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29.07.2019. 2019/XGLREPREORGOLEX/000001.

Con data 29.07.2019, a Xunta de Goberno Local nomeou representantes do Concello en distintos órganos colexiados, entre os que se atopan os que figuran no asunto.

O Decreto 93/2017, de data 14/09/2017, da Consellería de cultura, educación y ordenación universitaria, que substitúe á Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Artístico polos consellos territoriais de patrimonio cultural de Galicia e ao Comité Asesor do Camiño de Santiago polo consello asesor dos camiños de Santiago, non tendo representante o Concello de Pontevedra na súa composición.

Considerando que de conformidade co establecido no artigo 127.m) da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, é competencia da Xunta de Goberno Local a designación dos representantes municipais nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, sexa cal sexa a súa natureza, nos que o Concello participe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Deixar sen efecto o nomeamento de representantes deste Concello efectuado para ámbolos dous organismos citados:

- Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Artístico.
- Comité Asesor do Camiño de Santiago.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

